

A Coruña, 1 de abril de 2022

Con data 6/7/2021, convocouse a segunda edición dos Premios Cátedra EMALCSA-UDC, dirixidos a estudantes ou graduados que presentasen o Traballo Fin de Grao (TFG), e a estudantes ou titulados de mestrado que presentasen o Traballo Fin de Máster (TFM), en titulacións da **Universidade da Coruña**, no curso académico 2020/2021.

Todos os traballos presentados foron validados e admitidos por cumprir as condicións da convocatoria.

O Xurado encargado de resolver a Convocatoria dos Premios Cátedra EMALCSA-UDC, estivo composto polos seguintes membros do comité Científico Técnico da Cátedra:

- Presidente: Moisés Canle López (UDC)
- Secretario: Ricardo Vázquez Pérez (EMALCSA)
- Vocal: Anne Marie Elisabeth Gosset (UDC)
- Vocal: Juan Creus Andrade (UDC)

Reunido o Xurado, e tras analizar polo miúdo os traballos presentados, quere facer constar:

- A gran calidade dos traballos presentados, que reflicten a interdisciplinariedade do traballo no eido dos sistemas de auga urbana, pondo de manifesto a enorme amplitude que presenta o campo dende o punto de vista da investigación e desenvolvemento.
- A rigorosidade da labor desenvolvida polos diversos autores baixo a supervisión dos seus titores, aportando tanto traballos cunha grande calidade técnica e metodolóxica, así como orixinalidade na aproximación aos problemas.
- A importancia deste tipo de traballos académicos para achegar o entorno académico á Sociedade e mais en concreto o coñecemento e importancia dos diferentes eidos relacionados coa xestión da auga no contexto da area metropolitana, e para a vida das persoas en xeral.

Valorados todos os traballos presentados, o Xurado **resolveu por unanimidade** conceder os seguintes premios e áccesits:

- **Traballos de Fin de Máster:**

- **Premio:** *Álvaro Michelena Grandío.*

Polo seu traballo “Aprendizaje inteligente federado aplicado a sistemas automáticos para instalaciones de control de fluido”, pola excelente análise que realiza dunha solución con capacidade para simplificar as tarefas de identificación e control de niveis de líquidos, permitindo detectar anomalías en tempo real: fallos en sensores, fugas, etc.

- **Traballos de Fin de Grao:**

- **Premio:** *Francisco Javier Ayala Esmorís,*

Polo seu traballo “Citotoxicidade dos produtos de degradación de microcontaminantes emerxentes sobre a microalga doceacuícola *Raphidocelis subcapitata*”, no que presenta un rigoroso e pormenorizado estudo dos efectos tóxicos sobre o fitoplancton dos contaminantes emerxentes e dos seus produtos de degradación.

O Xurado desexa facer unha **menção especial**, pola súa creatividade e potencial divulgativo, ao TFG “Efecto caracola” (Paula Calviño Suárez, María Jácome Iglesias e Alba otero Dacal). Asimesmo, traslada as súas felicitacións a todos os participantes, moi especialmente aos premiados, e aos seus titores/as académicos, animándoos a continuar a traballar, dende os postos que ocupen e coas capacidades que teñan, por mellorar o entorno da auga.

En A Coruña, a 1 de Abril de 2022.